

BLOQUE 2: S.XVIII

TEMA 10. O PAPEL DA MULLER NA IDADE MODERNA

Nesta pregunta o alumnado deberá expor as principais dificultades que presenta o estudo das mulleres na Idade Moderna (escaso interese por parte dos historiadores, ocultación nas fontes...). Terá que explicar a condición xurídica da muller no Antigo Réxime e o papel que desenvolve dentro da institución familiar como esposa, nai e transmisora da herdanza. Finalmente, deberá demostrar que coñece as enormes diferenzas existentes desde o punto de vista económico, social e cultural entre privilexiadas e non privilexiadas así como referir a súa participación no mundo do traballo tanto no ámbito rural coma no urbano.

INTRODUCCIÓN:

Desde a **Idade Media**, a maioría das fontes históricas sobre a vida cotiá, pensamentos actitudes e comportamentos chéganos directamente de fontes masculinas. Polo tanto, o estudo do papel da muller na **Idade Moderna** presenta serias dificultades, engadindo ademais o escaso interese por parte da historiografía de dotar de perspectiva de xénero ás súas investigacións.

Esta visión está cambiando nos últimos anos, logrando unha maior visibilización do papel da muller ao longo da historia.

A CONDICIÓN DA MULLER DESDE A IDADE MEDIA:

A condición da muller non foi moi distinta na **Idade Moderna** que na **época medieval**.

A sociedade era fortemente patriarcal, é dicir, o varón gozaba dunha condición de supremacía, poder e privilexio con respecto á muller, que se atopaba nunha situación de subordinación e discriminación.

Será a sexualidade xunto coa clase social o sesgo definitorio da condición feminina; a muller será definida pola súa relación ao home: virxe, solteira, casada ou viúva.

Desde o seu nacemento, as mulleres estaban condenadas a ter un papel secundario, sempre supeditadas aos seus pais, maridos ou irmáns. O seu destino era o matrimonio, formar unha familia e ter descendencia. A maioría dos matrimonios eran concertados e impostos polas familias.

O pai tiña a *patria potestad* das mulleres ata que casaban. Unha vez esto ocorría, a patria potestade pasaba ao seu marido. Para fomentar os matrimonios, as mulleres posuían unha dote (económica ou patrimonial). Aínda que a propiedade da dote era da esposa, o usufructo e a súa administración recaía en mans do marido. O feito de non contar cunha dote suficiente era un dos motivos polo que as mulleres acababan en conventos de monxas.

A subordinación da muller estaba xustificada polas ideas relixiosas, morais, científicas e legais da época. Así, a muller era considerada inferior bioloxicamente, con intelixencia e capacidades menores. Eran seres débiles moralmente, xa que constituían a imaxe do pecado, simbolizado en Eva, pola que a humanidade fora desterrada do Paraíso. Polo tanto, a muller debía semellarse ao oposto a Eva, a Virxe María, o paradigma de muller ideal: casta, virtuosa e entregada ao home.

O acceso á educación na época era de por si moi limitado e as taxas de analfabetismo elevadísimas, pero sendo moi superiores no caso das mulleres. A partir da influencia do **Humanismo**, comencan a escoitarse voces a favor da educación das mulleres, como **Luis Vives** en su obra *Instrucción das mulleres cristiás*, aínda que sempre no marco da moral cristiá, sen afastalas do seu papel de nai e esposa. No **século XVII** damas da alta nobreza encárganse de fundar institucións que se dedican a instruír ás rapazas, que podían ser escolas propiamente, a casa, o convento ou internados.

Nesta primeira etapa da **Idade Moderna**, destacan mulleres con papeis relevantes, sempre vinculadas a estamentos privilexiados. Así, no campo das letras, **Santa Teresa de Jesús ou Sor Xoana Inés de la Cruz**, da pintura, **Sofonisba Anguissola**, como escultora, **Luisa Roldán**, ou o papel decisivo de **Inés de Suárez** na conquista da zona chilena en América.

DIFERENZAS SOCIAIS ENTRE ESTAMENTOS:

Como reflexo da sociedade estamental imperante na **Idade Moderna**, dependendo do estamento e grupo social ao que pertencían as mulleres, a súa situación podía variar.

As **mulleres dos grupos non privilexiados** tiñan como principal obxectivo o matrimonio e apenas tiñan capacidade de decisión nas familias. Tiñan dobre xornada laboral, xa que debían encargarse da casa e da descendencia, pero tamén tiñan que colaborar no traballo familiar sendo os principais cometidos á agricultura, a artesanía ou como servizo doméstico de familias adiñeiradas ou nobres. Ás mulleres artesás non se lles permitiu entrar no sistema de gremios, polo que moitas veces o seu traballo non estaba reglado. En todo caso, normalmente eran relegadas a traballos de índole “feminina”: fiandeiras, lavandeiras, panadeiras, nodrizas, matronas ...

Cabe sinalar tamén ás mulleres en situación de marxinalidade, como as prostitutas, sen apenas ningún tipo de dereito e amparo, moitas veces obrigadas a vivir afastadas da sociedade “respectable”.

As familias burguesas podían, a diferenza das campesiñas ou dos artesáns, permitir de maneira excepcional ás mulleres acceder a unha educación coa que poder aprender as normas da lectoescritura.

No caso das **familias nobres** a situación era similar, pero tiñan maior acceso á educación, que era sempre no ámbito do fogar, coidando a educación relixiosa, ás veces as artes e a música ou os idiomas. Eran excepcionais os casos nos que as mulleres, por ausencia da figura do varón, xestionaban o patrimonio da casa nobiliar. Eran empregadas principalmente como moeda de cambio na redes de alianzas entre as casas ou para fins económicos a través dos casamentos.

A MULLER NO ANTIGO RÉXIME:

No **século XVIII**, no contexto da Ilustración en España e o reinado dos **Borbóns**, xurdiron as primeiras críticas en defensa das mulleres: crítica aos tópicos misóxinos, o rexeitamento aos matrimonios concertados e a reivindicación do seu dereito á educación e ao traballo nos oficios. Así, destaca a obra de **JOSEFA AMAR Y BORBÓN**, co seu *Discurso sobre a educación física e moral das mulleres* (1790), sinalando que non hai diferenzas entre a intelixencia de homes e mulleres, se non que estas están influídas pola educación que reciben.

Coa apertura das *Sociedade Económicas dos Amigos do País*, algunhas mulleres privilexiadas comezarán a acudir as súas reunións. Así é o caso da mencionada **Amar y Borbón**, ou **Mª Josefa Pimentel, A DUQUESA DE OSUNA**, convertíndose esta na presidenta da **Xunta das Damas**.

Nos salóns dalgúns das mulleres máis destacadas da época debatíase tanto de política como de cultura. **ISABEL DE FARNESIO**, segunda esposa de **Felipe V** e nai de **Carlos III** foi unha das mulleres referentes da época. **BÁRBARA DE BRAGANZA**, casada con **Fernando VI**, funda en 1748 o convento de *Las Salesas* para colexio e residencia de rapazas da nobreza.

A SINGULARIDADE DA MULLER GALEGA:

A muller galega tivo unha maior independencia que noutras partes de España, debido a unha serie de circunstancias propias do territorio: forte migración masculina, o sistema de herdanzas máis ou menos igualitario entre sexos, e o predominio do minifundio. Polo tanto, moitas mulleres acabaron actuando como cabezas de familia e dirixiron pequenas explotacións agrarias. Nas cidades, abriron obradoiros e pequenos negocios.

- BIBLIOGRAFÍA:

- AA.VV. *Historia de España. 2º Bacharelato*. Baía Edicións
- Morant, Isabel (dir.), *Historia de las mujeres en España y América Latina*, Madrid, Cátedra, 2005-2006.